

PREGUNTA DE AER SOBRE ACUSACIONES EN CAMPAÑA ELECTORAL

PLENO 29 DECEMBRO 2011. ACTA 22/2011

A Agrupación de Electores de Redondela, como xa demostrou en repetidas ocasións, aposta pola transparencia e a claridade nas actuacións tanto administrativas e de xestión coma nas de orde político.

Na campaña electoral das pasadas eleccións municipais, pra ser exactos, no debate celebrado no multiusos da Xunqueira, a número un e líder do BNG de Redondela (Cecilia Orge) realizou unhas acusacións moi graves sobre certas maneiras de actuar do entón cabeza de lista do PP e hoxe alcalde (Javier Bas). Simplificando, o que viñan a dicir as acusacións era que se estaban ofrecendo postos de traballo a cambio de votos.

A falta de que algún dos implicados dea a súa explicación, e dado o compromiso público adquirido, entendemos que lle deben á cidadanía unha resposta ou aclaración, ocórrensenos dúas opcións que non son nada boas para este Concello:

- 1) Ou unha persoa se aproveitou da súa posición para negociar votos por favores, coa gravidade que iso conleva.
- 2) Ou unha persoa utilizou a mentira e intentou enganar ó pobo de maneira sucia para conseguir intereses electorais.

Calquera das dúas opcións nos parece deplorable e merecedora de esixir responsabilidades. Agardamos que ámbalas partes nos amosen outra explicación máis tranquilizadora e nos demostren que estas hipóteses eran erradas. Polo dito anteriormente nos diriximos o alcalde de Redondela:

Sería tan amable de informar á cidadanía do estado actual desta situación?

O Alcalde dí que xa informou a algúns grupos e segue a manter que as acusacións foron falsas. Fixo xestións para por unha denuncia pero os abogados lle dixeran que tratándose de acusacións realizadas no seo dunha campaña electoral non prosperaría, porque non se consideran apreciacións delictivas. Sinala que non se contratou a nadie a dedo e que apoiaron unha moción para crear unha comisión para a selección do persoal, o que indica que os feitos desminten o afirmado.